



OLA NENOS E NENAS, EU NACÍN COMO AGASALLO DE REIS PARA OS MEUS PAIS O 5 DE XANEIRO DE 1902 EN VIVEIRO. ERAMOS UNHA FAMILIA FELIZ E NUMEROSA, TIÑA TRECE IRMÁNS. DE PEQUENA GUSTÁBAME MOITO DEBUXAR E CANDO FUÍ MAIOR FUN A MADRID A ESTUDAR PINTURA EN UNIVERSIDADE, ALGO POUCO FRECUENTE PARA UNHA MULLER DAQUELA ÉPOCA. ¡MENOS MAL QUE XA ISO CAMBIOU!

ALÍ FÍXENME MOI AMIGA DO PINTOR **SALVADOR DALÍ,**

DO ESCRITOR **FEDERICO GARCÍA LORCA** E

DO DIRECTOR DE CINE **LUÍS BUÑUEL.**

SEMPRE SAÍAMOS XUNTOS E PASABÁMONOLO MOI BEN.



OUTRA GRAN AMIGA MIÑA FOI CONCHA MÉNDEZ, QUE ADEMAIS DE GRAN ESCRITORA FOI UNHA GRAN DEPORTISTA, AUTOMOVILISTA E CAMPIONA DE NATACIÓN.



MOITAS COUSAS QUE PINTABA NOS MEUS CADROS NESTE MOMENTO TIÑAN QUE VER CO QUE FACÍA COS MEUS AMIGOS.

ADEMÁIS TAMÉN ESCRIBÍA PARA REVISTAS E XORNAIS.



XA DAQUELA PINTABA AS MULLERES TRABALLANDO, FACENDO DEPORTE OU NAS FESTAS E VERBENAS. NAQUELES ANOS NON ERA O NORMAL, PERO ERA O QUE ME GUSTABA FACER A MIN E AS MIÑAS AMIGAS, E POR ISO O PINTABA.


OS MEUS CADRO ESTABAN CHEOS DE COR.



A VERBENA (1927).

TAMÉN ME GUSTABAN AS MÁQUINAS, AS COUSAS QUE PASABAN NA RÚA
E OS DEPORTES COMO OS QUE FACÍA A MIÑA AMIGA **CONCHA MÉNDEZ**.
PINTEI CADROS CON LÁPICES DE CORES E CARBONCILLO.

CHAMEINOS ESTAMPAS (1927 1928)





NESES ANOS EU ERA MOI FELIZ E A TODOS GUSTÁBANLLES OS MEUS CADROS.

POUCO DESPOIS MARCHEI A ESTUDAR A FRANCIA ONDE APRENDIN MOITO DE GRANDES ARTISTAS.

Á VOLTA TRABALLEI EN GALICIA COMO MESTRA DA REPÚBLICA ENSINANDO DEBUXO E CERÁMICA.

DESPOIS VIVÍN UN TEMPO EN QUE ESTABA MOI TRISTE E A MIÑA PINTURA CAMBIOU.

NON PINTABA FIGURAS HUMANAS, PERO SI OS SEUS ESQUELETOS, E TAMÉN ESPANTAPAXÁROS.



O ESPANTAPECES.




CAMBIEI O PINCEL POLA ESPÁTULA E CON ELA PEGABA MATERIAIS COMO A CINZA, A PIZARRA E ARRASTRÁBAOS POLO LENZO, CREANDO SUPERFICIES CON RELEVO.

AS MIÑAS CORES PREFERIDAS ENTÓN ERAN OS GRISES, BRACOS OU MARRÓNS ESCUROS, CON ELES PODÍA MOSTRAR MELLOR COMO ME SENTÍA.

TÍVENME QUE MARCHAR DE ESPAÑA PORQUE AQUÍ COMEZOU UNHA GUERRA. MARCHEI A UN PAÍS MOI LONXANO CHAMADO ARXENTINA.

ALÍ PINTEI CADROS SOBRE O MAR E A TERRA. SON UNS CADROS MOI GRANDES E TEÑEN ESPIGAS, PECES, FOUCIÑAS E REDES.







--



NESTES PAÍSES GUSTÁRONME MOITO AS PRAIAS, AS PLANTAS E OS ANIMAIIS.

ALÍ PINTEI A MIÑA SERIE NATUREZAS VIVAS(1.940).






TIÑAN MOITO COLORIDO E PINTABA
CARACOLAS, ROSAS, ESTRELAS DE MAR..., E
UTILICEI MOITO A REGRA E O COMPÁS.




QUE VOS PARECE O MEU
DISFRACE?





TAMÉN PINTEI CADROS DE CABEZAS FEMININAS DE DIFERENTES RAZAS.





DESPOIS DE CASE 30 ANOS VOLVÍN A ESPAÑA.



ÚLTIMAMENTE ESTOU SAÍNDO A EXPOSICIÓNS, CAFÉS... E PARA ISO DISFRÁZOME DE ALEGRÍA. SEI QUE CHAMO A ATENCIÓN, VOU MOI MAQUILLADA, CON ZAPATOS DE ALTAS PLATAFORMAS. ¡FUN TANTO TEMPO INVISIBLE PARA TODOS! AGORA APETÉCEME IR ASÍ E ESTOU FELIZ PORQUE VAN FACER UNHA EXPOSICIÓN COS MEUS CADROS E TODOS OS PODERÁN E DISFRUTAR CON ELES.

